

CALENDARIO DE NOVAS PROPOSTAS E MODIFICACIÓNS DE GRAO E MÁSTER PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NO CURSO 2023-2024

Calendario	Órgano responsable	Actividades a realizar polo órgano responsable
11 febreiro 2022	Xunta de Centro	Declaración de intencións de presentación do Grao /Máster, acompañada da composición da comisión redactora da memoria. Remisión a VPAID e difusión á comunidade universitaria.
4 marzo 2022	VPAID	Resposta á declaración de intencións.
10 maio 2022	Xunta de Centro	Aprobación da Memoria de Verificación. Remisión a VPAID para inicio da súa exposición pública e presentación de alegacións ante a Xunta de Centro.
10 xuño 2021	VPAID	Revisión da memoria inicial e remisión de informe técnico.
20 xuño 2022	Xunta de Centro	Elaboración de resposta as alegacións presentadas e aprobación das propostas definitivas da Memoria de Verificación, da Memoria Xustificativa dos requisitos e da Memoria Económica. Remisión a VPAID.
Xullo 2022	Comisión de Plano de Estudos	Pronunciamento e informe sobre as propostas.
Xullo 2022	Consello de Goberno / Consello Social	Aprobación dos títulos polo Consello de Goberno e Consello Social.
Xullo 2022	VPAID	Remisión á SXU.
1 de setembro a 20 de outubro 2022	Responsable do título / VPAID	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao MECD.

(*) No caso das modificacións de graos e mestrados, a exposición pública realizarase en función do seu alcance.

As memorias de verificación dos títulos, tanto as novas propostas como as modificacións, deberán ser incorporadas a plataforma da sede electrónica do Ministerio polo centro solicitante. O decano/a director/a do centro implicado e máis o solicitante designado polo centro daranse de alta na sede electrónica do Ministerio <https://sede.educacion.gob.es/tramite/login/plugin.jjsp> e comunicarán os nomes a esta Vicerreitoría para a asignación de roles. A Vicerreitoría dará as instrucións oportunas para acceder e cubrir a memoria na sede electrónica do MECD.

As Memorias de Verificación incorporadas na sede do Ministerio deberán acompañarse, seguindo a Orde do 20 de marzo de 2012 da Xunta de Galicia https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria_down/titulos/ORDE_20-03-2012_desarrollo_D222_2011.pdf da Memoria Xustificativa dos requisitos, da Memoria Económica e, de ser o caso, dos convenios de participación. Estas memorias deberán deixar constancia da realización de estudos de demanda, participación dos grupos de interese na elaboración da proposta, oportunidade estratéxica formativa, de especialización ou socioeconómica, a non existencia de oferta similar na UDC ou no SUG, e calquera outra evidencia ou estudo que xustifique a implantación da nova proposta. No caso de modificación achegárase, ademais, un documento de texto cos cambios introducidos no título.

As novas propostas de verificación ou modificacións que non sexan solicitadas nestes prazos non se tramitarán ata o curso seguinte.

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa
sesión do 16/12/2021
O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	8Y708Cczk3vJR8J2APpcog==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	16/12/2021 13:59:44
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8Y708Cczk3vJR8J2APpcog==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

